

Iª XORNADA DE GRUPOS DE TRABAJO DE LA AGAMFEC

Relación de asistentes

Fátima Barcala del Caño (Dermatoloxía)
Xulio Catañal Canto (Tabaco)
Marina Cid Sueiro (Infecciosas)
José Luis Delgado Martín (Actividade física)
Vital Diéguez Pereira (Responsabilidade Profesional)
Luis Fransi Galiana (Enfermidades Cardiovasculares)
María Jesús Freiría Tato (Patoloxía Osteoarticular)
Vanesa García-Ciudad Young (Atención a muller, Vocal de residentes)
Francisco Javier García Soidan (Diabete)
Concepción González Paradela (HTA)
María José López-Villalta Lozano (Alimentación e nutrición)
Jesús Novo Rodríguez (Comunicación e saúde)
Paloma Puime Montero (Cirurxía menor e vendaxes funcionais)
Cesar Rodríguez Estévez (Respiratorio)
Juan Couce Gómez de la Tía (Urxencias)
David Vaquerizo García (Paliativos)
Ana Zamora Casal (Atención a muller)
Jacinto Mosquera Nogueira (Alcohol)
Francisco Javier Maestro Saavedra (Responsable de grupos, Saúde mental)

Tras revisar o estado e funcionamento de cada un dos grupos solicítase a todos eles:

- ✓ Memoria do ano 2009 (documento en Word).
- ✓ Revisión da páxina web para pór ao día a composición dos Grupos.
- ✓ Remisión, en caso de ser necesario, de novos obradoiros para incluír no Dossier.
- ✓ Achegar actividades dos Grupos á páxina web, no apartado de "Actividades e Congresos"
- ✓ Valorarse a inclusión nun Dossier ampliado da composición, obxectivos e actividades dos Grupos

Dirección do Vogal da páxina web gerardo.palmeiro.fernandez@sergas.es

Recordatorios aos grupos:

- ✓ Informóuselle ao Grupo de Urxencias da aceptación do seu orzamento referente ao material de traballo. Ábrese un período de negociación entre a Xunta Directiva e a coordinación deste grupo. Debido a que Fernando Souto (responsable do grupo) traballa en Vigo, solicítase que se poña en contacto co Presidente Jaime González, para iniciar os primeiros contactos.
- ✓ Recordar ofertas de traballo para os grupos a nivel da Fundación do Colexio Médico de Pontevedra. Remitir propostas ao Presidente Jaime González.
- ✓ Próxima reunión de Grupo de traballo nas Xornadas da AGAMFEC da Coruña 12 e 13 de Novembro.

Conclusións:

Partindo da consideración da AGAMFEC de que os Grupos de Traballo son o "principal activo" da Asociación solicítase:

- ✓ Que en calquera actividade realizada pola AGAMFEC (Xornadas, Congresos, AMF) antes de fixar no programa unha actividade (xa sexa obradoiro, actualización, charla de experto, etc.), a impartir por un grupo de traballo da AGAMFEC, fálese e acorde, previamente, os contidos co Coordinador. Será potestade deste, de acordo co comité organizador, ofertar unha actividade en relación ás súas dispoñibilidades e inquietudes.
Así mesmo no caso de realizarse unha actividade, con financiamento externo (simposium), cremos que, polo menos, o moderador do mesmo debería ser consensuado co responsable do grupos ou grupos responsables de devandita área na AGAMFEC.
Solicitamos que esta referencia sexa engadida no Documento de Actividades congresuais e de responsabilidade dos Cómites Organizadores de actividades da AGAMFEC.
- ✓ Existe unha autonomía dos Grupos de Traballo a nivel do seu funcionamento, composición e actividades, sendo o responsable desta o Coordinador do Grupo, dentro do marco regulado pola "Normas de funcionamento dos grupos de traballo da AGAMFEC". Como cremos que é algo que se está respectando por parte de todos non se modifican estás, pero queda aberta a vía de poder cambialas para adaptar calquera necesidade á actividade dos grupos.
- ✓ Existe un acordo de todos os responsables dos grupos na existencia dun *técnico-asesor-administrativo* que apoie a coordinación dos Grupos de Traballo. Creo que tamén é compatible co apoio ás Vogalías de Investigación e Docencia. A súa función debería consistir na mercadotecnia das actividades dos Grupos de Traballo entre os diferentes estamentos que poidan estar interesados en ofertalas, dentro do Marco da AGAMFEC; así mesmo encargaríase da parte administrativa, como pode ser a acreditación dos cursos impartidos, procura activa de bolsas ofertadas (Xunta, FISS, Ministerio, etc.); neste apartado a AGAMFEC podería funcionar como receptora de bolsas en Atención Primaria (na mesma postura que as Fundacións, que reteñen entre un 15 e un 20% do achegado), etc. Aínda que se ofertará na Xunta directiva da AGAMFEC, cremos que pode ser útil comentalo na conversacións para a renovación ou cambio da Secretaría Técnica.
- ✓ No tema de financiamento dos grupos, ábrese un período de reflexión sobre este tema. Remítirase un documento a todos os Grupos para que o discutan internamente e obter unha postura común. De todos os xeitos solicítase á Xunta Directiva da AGAMFEC, que teña en conta que o peso das actividades da Sociedade recae nos Grupos de Traballo e que valore que en caso de ter superávit nos Congresos sería interesante distribuír parte deste entre os Grupos de Traballo, xa sexa financiando actividades dos grupos (Reunións, cursos,... como fai a Semfyc), comprando material necesario pero "caro" que redunde na melloría das actividades do grupo ou no pago dos obradoiros.

Santiago de Compostela, 23 de Xaneiro 2010.

--o0o--